CONCELLO DE SANXENXO

ORDE DE ADXUDICACIÓN E BAREMO

SOLICITUDE DE PRAZA DE NOVO INGRESO NAS EIM DE SANXENXO CURSO 2024-2025

No suposto de que por grupo de idade haxa **MÁIS solicitudes que prazas ofertadas** aplicarase a seguinte orde de adxudicación e baremo:

ORDE DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

As prazas adxudicaranse pola seguinte orde:

1º) Nenos/as con praza no curso 2023/24 nas Escolas Infantís Municipais.

2º) Nenos/as cun/cunha **irmá/n con praza (renovada ou de novo ingreso) para o curso 2024/25** na escola infantil municipal e os/as **fillos/as dos traballadores** das mesmas.

3º) Nenos/as **empadroados no concello de Sanxenxo** (con efecto como mínimo do día anterior á apertura de prazo desda convocatoria)

No caso de quedar prazas vacantes, adxudicaranse na seguinte orde:

4º) Nenos/as de pais, nais ou titores que, estando empadronados noutro concello, teñan o seu **posto de traballo** no municipio de **Sanxenxo**.

5º) Nenos/as empadroados en **concellos limítrofes.**

BAREMO

1º. SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR:

1.1. Por cada membro da unidade familiar ……. 2 puntos

1.2. Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea ao seu cargo (Acreditarase mediante declaración do IRPF ou certificado de imputacións e para os efectos desta convocatoria considerarase sempre que convivan no mesmo domicilio e teñan ingresos inferiores ó IPREM vixente) ……..……..…… 1 punto

1.3. No caso de que o/a neno/a para o que se solicita a plaza nacera nun parto múltiple …… 1 punto

1.4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade e/ou dependencia ou enfermidade que requira internamento periódico……..……..…… 2 puntos

1.5. Pola condición de familia monoparental …… 3 puntos

1.6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais …….. 6 puntos

1.7. Pola condición de familia numerosa …… 3 puntos

1.8. Cando a persoa solicitante sexa deportista de alto nivel ou de alto rendimento deportivo. Incluido a condición de entrenador/a, técnico/a, xuiz/a ou árbitro/a de alto nivel deportivo recoñecido pola comunidade autónoma de Galicia……..……..…….. 1 puntos

1.9. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas……..……..…….. ata 3 puntos

2º. SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR

2.1. Situación laboral de ocupación:

Nai ..... 8 puntos
Pai ..... 8 puntos

2.2. Situación laboral de desemprego (1)

Nai ..... 2 puntos
Pai ..... 2 puntos

2.3. Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (RISGA)

Nai ..... 3 puntos
Pai ..... 3 puntos

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos como mínimo do día anterior á apertura de prazo desda convocatoria)

- No caso de familias monoparentais ou daquelas en que o/a neno/a conviva cunha soa persoa proxenitora adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computado por dous.

- Só se poderá obter puntuación por unha das epígrafes anteriores.

3º. SITUACIÓN ECONÓMICA

Renta per cápita (R.P.C.) mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

- Inferior ao 30% do IPREM ..... + 4 puntos
- Entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM ..... + 3 puntos
- Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM ..... + 2 puntos
- Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM ..... + 1 puntos
- Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM ..... - 1 punto
- Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM ..... - 2 puntos
- Entre o 150% e o 200% do IPREM..... - 3 puntos
- Superior ao 200% do IPREM..... - 4 puntos

- Nos casos de nulidade matrimonial, separación, divorcio ou situacións análogas habendo medidas paterno filiais considérase a renda de quen exerza a garda custodia da persoa menor.

- En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa e despois as de xornada completa con servizo de comedor sobre as solicitudes de media xornada.

- No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes da situación laboral familiar e na situación económica deste baremo.

- No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.